



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Expediente núm.: 1944/2026

Actividade: Nomeamentos

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Emprego 2026 – 2027 e 2028

Categoría profesional: Auxiliar de axuda no fogar (V)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

- A Providencia de Alcaldía de data 04.08.2026 dispón a necesidade de contratación, con carácter temporal e en réxime de dedicación a tempo completo, de dous (2) postos de traballo na categoría profesional de “Auxiliar de axuda no fogar (V)”, ao abeiro da Selección de persoal laboral temporal e creación dunha Bolsa de emprego para os anos 2026, 2027 e 2028, e que dita contratación temporal ten por obxecto a cobertura de dúas quincenas de vacacións e os permisos por ingreso de familiar de 1º grao de persoal do servizo de axuda no fogar.
- O 05.08.2026 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento das persoas aspirantes que figuran na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0725 de data 15.07.2026, concluíndo coa aceptación do posto de traballo por unha única persoa da referida quenda de reserva.
- A na Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0725 de data 15.07.2026, establece o que copiado literalmente di:

“Sétimo.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nos artigos 12 a 16 das Bases do proceso selectivo de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Auxiliar de axuda no fogar (V):

	Apelidos e nome	DN aleatorio	Achega o título acreditativo o do nivel de coñecemento da lingua galega	FASE OPOSICIÓN		TOTAL FASE OPOSICIÓN (Máximo 12 ptos.)	FASE CONCURSO						TOTAL FASE CONCURSO (Máx. 8 ptos.)	TOTAL PUNTOS (Máx. 20 ptos.)
				1º exercicio (máx. 6 ptos.)	2º exercicio (máx. 6 ptos.)		EXPERIENCIA PROFESIONAL			TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máx. 4 ptos.)	TOTAL FORMACIÓN (Máx. 3 ptos.)	FORMACIÓN EN MASTER OU POSTGRADO (máximo 1 puntos)		
							Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,20 por cada mes completo ou fracción	Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción	Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción					
1	Pérez Pérez, Nerea	**48*4*2W	SI	5,33	3,61	8,94	1,20	0,00	11,40	4,00	3,00	0,00	7,00	15,94
2	Castiño Martín, Yaiza	3*2*3*2*Q	SI	5,67	3,23	8,90	0,00	0,00	5,10	4,00	0,90	0,00	4,90	13,80
3	Arias Fernández, María del Pilar	**94*4*3M	Non	5,33	3,29	8,62	4,20	0,00	1,90	4,00	1,00	0,00	5,00	13,62
4	González Aires, María del Carmen	4**65*3*H	SI	5,67	3,01	8,68	0,00	0,00	11,00	4,00	0,90	0,00	4,90	13,58
5	Iglesias García, Rebeca	**47*9*7Z	SI	5,33	3,01	8,34	0,00	0,00	10,50	4,00	1,20	0,00	5,20	13,54
6	Medina Ramírez, Luz Maricela	6*1**80N	Non	5,67	3,35	9,02	3,80	0,00	0,00	3,80	0,30	0,00	4,10	13,12
7	Mira Rodríguez, Rosana	4*4*0*7*H	SI	5,00	3,01	8,01	4,60	0,00	0,27	4,00	0,20	0,00	4,20	12,21
8	Lorenzo García, Alba Silvina	**47*6*6W	SI	6,00	4,19	10,19	0,00	0,00	0,00	0,00	0,10	0,00	0,10	10,29
9	Félix Soselo, María Reyes	**99*5*7M	Non	5,67	3,23	8,90	0,40	0,00	0,60	1,00	0,30	0,00	1,30	10,20
10	Peña Gómez, María José	**99*9*8*A	SI	5,00	3,51	8,51	0,00	0,00	0,00	0,00	1,00	0,00	1,00	9,51
11	Cortés Araujo, Olga	**47*9*3S	SI	4,33	4,38	8,71	0,00	0,00	0,00	0,00	0,30	0,00	0,30	9,01





Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Vistos os Informes emitidos pola traballadora social e polo Departamento de Persoal do noso Concello en relación coa necesidade de cobertura dos referidos postos de traballo na categoría profesional de “Auxiliar de axuda no fogar (V)”, mediante o chamamento de aspirantes da bolsa de emprego xurdida ao abeiro da selección de persoal laboral temporal e creación dunha bolsa de emprego no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2026 – 2027 e 2028, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local e no artigo 136 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local

RESOLVO

Primeiro.- Aceptar as renuncias formuladas, en tempo e forma, polas persoas aspirantes que figuran na quenda de reserva da Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0725 de data 15.07.2026, segundo a seguinte relación:

	Apelidos e nome	DNI aleatorio
1	Pérez Pérez, Nerea	**48*4*2W
2	Castaño Martín, Yaiza	3*2*3*2*Q
3	González Alves, María del Carmen	4**65*3*H
4	Iglesias García, Rebeca	**47*9*7Z
5	Medina Ramírez, Luz Maricela	6*1***80N
6	Mira Rodríguez, Rosana	4*4**07*H
7	Lorenzo García, Alba Silvina	**47*6*6W
8	Félix Sotelo, María Reyes	**99*5*7M
9	Peña Gómez, María José	**999*8*A
10	Cortés Araujo, Olga	***479*3S

Segundo.- Proceder á contratación para o posto de traballo de “Auxiliar de axuda no fogar (V)”, da persoa aspirante que ocupa o terceiro lugar na bolsa de emprego segundo a Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0725 de data 15.07.2026:

- María del Pilar Arias Fernández, co DNI **94*4*3M

Terceiro.- Contratar para o período comprendido entre o 06 de agosto de 2026 e o 05 de setembro





de 2026, na categoría profesional de “Auxiliar de axuda no fogar (V)”, á persoa traballadora que se detalla no cadro seguinte, e cos seguintes custos salariais:

APELIDOS E NOME	DNI ALEATORIO	RETRIBUCIÓN BRUTAS MENSUAIS (1)	GRUPO DE COTIZACIÓN / PROFESIONAL	CNAE 2025	% COTA PATRONAL SEG. SOCIAL	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG. SOCIAL MENSUAL	CUSTO BRUTO MENSUAL	TIPO XORNADA %
Arias Fernández, María del Pilar	**94*4*3M	1.486,67 €	10 - V	8411	33,50%	498,03 €	1.984,70 €	100,00%

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

Indicando que a dita contratación temporal cubrirá exclusivamente o tempo que duren as circunstancias que as motivaron.

Cuarto.- Formalizar o contrato de traballo con carácter de persoal laboral temporal (grupo V), en réxime de dedicación a tempo completo (100,00 %), atendendo ao disposto no artigo 2 das Bases de selección de persoal laboral e creación dunha Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0234 de data 05.03.2026, e posteriormente publicadas na sede electrónica do Concello <http://concellopereiro.sedelectronica.gal> con data do 06 de marzo de 2026.

Modalidades de contratación recollidas no Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A contratación será con carácter de persoal laboral temporal, mediante contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción (modelo 402).

Quinto.- Á finalización do contrato de duración determinada, as persoas traballadoras terán dereito a percibir unha indemnización de doce días de salario por cada ano de servizo (artigo 49.1.c. do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro), segundo o seguinte:

Nº DE TRABALLADORES/AS	Indemnización por extinción de contrato de traballo
1	49,81 €

Sexto.- Formalizado o contrato de traballo, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

Sétimo.- Informar á representación legal do/a traballador/a, mediante entrega dunha copia básica do contrato celebrado.

Oitavo.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nos artigos 12 a 16 das Bases do proceso selectivo de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Auxiliar de axuda no fogar (V):





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

	Apelidos e nome	DNI aleatorio	Achega o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega	FASE OPOSICIÓN		TOTAL FASE OPOSICIÓN (Máximo 12 ptos.)	FASE CONCURSO						TOTAL FASE CONCURSO (Máx. 8 ptos.)	TOTAL PUNTOS (Máx. 20 ptos.)
				1º exercicio (máx. 6 ptos.)	2º exercicio (máx. 6 ptos.)		EXPERIENCIA PROFESIONAL			TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máx. 4 ptos.)	TOTAL FORMACIÓN (Máx. 3 ptos.)	FORMACIÓN EN MASTER OU POSTGRADO (máximo 1 puntos)		
							Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,20 por cada mes completo ou fracción	Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción	Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción					
1	Pérez Pérez, Nerea	**48**2W	Si	5,33	3,61	8,94	1,20	0,00	11,40	4,00	3,00	0,00	7,00	15,94
2	Costaño Martín, Yaiza	3*2*3*2*Q	Si	5,67	3,23	8,90	0,00	0,00	5,10	4,00	0,90	0,00	4,90	13,80
3	González Alves, María del Carmen	4**65*3*H	Si	5,67	3,01	8,68	0,00	0,00	11,00	4,00	0,90	0,00	4,90	13,58
4	Mesías García, Rebeca	**47*9*7Z	Si	5,33	3,01	8,34	0,00	0,00	10,50	4,00	1,20	0,00	5,20	13,54
5	Medina Ramírez, Luz Marcela	6*1**80N	Non	5,67	3,35	9,02	3,80	0,00	0,00	3,80	0,30	0,00	4,10	13,12
6	Mira Rodríguez, Rosana	4*4**07*H	Si	5,00	3,01	8,01	4,60	0,00	0,27	4,00	0,20	0,00	4,20	12,21
7	Lorenzo García, Alba Silvina	**47*6*6W	Si	6,00	4,19	10,19	0,00	0,00	0,00	0,00	0,10	0,00	0,10	10,29
8	Félix Sobrado, María Reyes	**99*5*7M	Non	5,67	3,23	8,90	0,40	0,00	0,60	1,00	0,30	0,00	1,30	10,20
9	Peña Gómez, María José	**99*8*A	Si	5,00	3,51	8,51	0,00	0,00	0,00	0,00	1,00	0,00	1,00	9,51
10	Contés Araujo, Olga	**47*9*3S	Si	4,33	4,38	8,71	0,00	0,00	0,00	0,00	0,30	0,00	0,30	9,01

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Noveno.- Dar conta da presente Resolución ás persoas interesadas para os efectos oportunos.

Décimo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Décimo primeiro.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

Décimo segundo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá o interesado interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

RESOLUCIONES DE ALCALDIA
Número: 2026-0787 Data: 05/08/2026

Cod. Validación: 4HMRZTSEZYNR2K44T7ASVCGGY
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretaria – Interventora accidental dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

A Secretaria – Interventora accidental,
Concepción Bolaño Nóvoa

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2026-0787 Data: 05/08/2026

Cod. Validación: 4HMRZTSEZYNR2K44TTASYCGGY
Corrección: <https://concellospereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

